

Unidade 1 - Proba

Cualificación

Nome e apelidos

Data

1. Completa os ocos coas palabras que faltan. (2 puntos)

ministros partidos políticos eleccións presidente democracia

O sistema político de España é unha _____. O pobo é quen elixe os seus gobernantes mediante unhas _____. A estas preséntanse diversos _____. As persoas encargadas de cada un dos departamentos dun goberno son os _____ e o xefe do goberno é o _____.

2. Escribe os nomes correspondentes aos elementos dunha definición do dicionario. (1 punto)

acepción abreviatura entrada



Cada un dos significados dunha entrada do dicionario. → _____

Achega información sobre o tipo de palabra que é (xénero, substantivo, adxectivo...) → _____

Cada unha das palabras que recolle un dicionario. → _____

3. Subliña as palabras graves con ditongo. (2 puntos)

cousa

raíña


emoción

béisbol

cadeira

4. Le as seguintes oracións e marca con X as que conteñen verbos impersoais. (2 puntos)

- Quizais vaia frío mañá durante o camiño...
- Chegan a vindeira fin de semana todos xuntos.
- Creo que é mellor que non vexas a película.
- Choveu moi forte durante toda a noite.




Unidade 1 - Proba

Nome e apelidos

Data

5. Le o seguinte texto e responde as preguntas. (1 punto)

Daquela, chegou Ana. Estaba tan guapa coma sempre. A verdade é que había moitísimo tempo que non nos mirabamos, desde que ela marchou á Coruña cos tíos. Ao principio custoulle recoñecerme, claro: co meu pelo de cor rosa calquera me recoñecería. Aínda lembro cando falabamos sobre o aspecto que teríamos cando medrásamos, e a verdade é que o fixemos de maneiras moi diferentes. Ela recoñeceríase entre centos de persoas. Porén, a min resultaba moi complicado asociarme con aquela rapaza que un día fun...



a. Cantos son os personaxes principais nesta historia? _____

b. Os feitos suceden no pasado, no presente ou no futuro? _____

6. Escribe unha mensaxe de texto coma se foses enviala desde un móbil. Lembra incluír un saúdo e unha despedida. (2 puntos)